

# **CONCELLO DE XOVE**

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 13 DE FEBREIRO DE 2017.**

### **ASISTENTES:**

#### **Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP)

#### **Concelleiros:**

D<sup>a</sup> Ana María Abad López (PP)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitin Guerreiro (PP)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Balseiro López (PP)

D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro (PP)

D. José Manuel Balseiro Canoura (PP)

D. Marco López López (BNG)

D. José Manuel López Hermida (BNG)

D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup> Luísa Pernas Quelle (BNG)

D. Carlos Fernández Louzao(BNG)

#### **Secretario:**

D. Luís M. Fernández del Olmo

#### **Intervención:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

#### **Ausente:**

D. Manuel Angel Meitín Rouco ( PP )

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día trece de febreiro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS DE 20 DE DECEMBRO DE 2016 E DO 9 DE XANEIRO DE 2017. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

De seguido, polo Sr. Alcalde, preguntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular ás actas das anteriores sesións de 20 de decembro de 2016 e do

9 de xaneiro de 2017.

Non formulándose ningunha reclamación, quedan aprobadas por unanimidade as actas das devanditas sesións anteriores.

### **2º) CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE (SERVIZO GALEGO DE SAÚDE) E O CONCELLO DE XOVE SOBRE ASUNCIÓN DOS CUSTOS DE MANTEMENTO DO CENTRO DE SAÚDE DE XOVE. APROBACIÓN.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación do convenio do epígrafe.

Polo Sr. Alcalde salientase que dunha vez por todas rematará o expediente polo que o SERGAS faráse cargo dos custos de mantemento do Centro de Saúde de Xove o cal suporá un aforro para as arcas municipais de preto de 40.000 Euros anuais.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda amosar a súa conformidade e aprobar o convenio entre a Consellería de Sanidade (Servizo Galego de saúde) e o Concello de Xove sobre asunción dos custos de mantemento do centro de saúde de Xove.

### **3º) LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO DE 2016 APROBADA POR DECRETO DE ALCALDÍA DE DATA 30 DE XANEIRO DE 2017. DAR CONTA.**

Polo Sr. Alcalde dáse conta á Corporación da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2016, aprobada por Decreto de data 30 de xaneiro de 2017 obrante no expediente.

O Concello Pleno dáse por enterado.

**4º) INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE OS INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES, EXECUTADOS NO EXERCICIO DE 2016. DAR CONTA.**

Por Secretaría dáse conta do informe de Intervención do epígrafe.

O Concello Pleno dáse por enterado.

**5º) INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE E DO LÍMITE DE DÉBEDA CORRESPONDENTE Ó 4º TRIMESTRE DE 2016. DAR CONTA.**

Por Secretaría dáse conta do informe de Intervención do epígrafe.

O Concello Pleno dáse por enterado.

**6º) INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI 15/2010 DO 5 DE XULLO DE MEDIDAS CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS CORRENTES, NO 4º TRIMESTRE DE 2016. DAR CONTA.**

Por Secretaría dáse conta do informe de Intervención do epígrafe.

O Concello Pleno dáse por enterado.

**7º) INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES DURANTE O 4º TRIMESTRE DE 2016. DAR CONTA.**

Por Secretaría dáse conta do informe de Intervención do epígrafe.

O Concello Pleno dáse por enterado.

**8º) ROGOS E PREGUNTAS.**

**ROGOS DO BNG**

*1º) Carlos Fernández Louzao, concelleiro do Grupo Municipal Nacionalista na Corporación de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, presenta o ROGO que segue:*

*Na obra de rehabilitación da Fonte Maior de Vilachá foron investidos máis de 27.000€. Unha obra que quedou ben esteticamente, pero que na práctica non foi unha reparación funcional, cun lavadoiro que a día de hoxe ninguén emprega e, sobre todo, un cano que non dá as medidas para encher unha garrafa sen ter que termar dela, ademais de ter que empurrala para sumerxela na auga da pía (xúntase foto).*

*Dende o grupo municipal do BNG solicitamos que se solucione o problema que hai para encher as garrafas da auga e se lle dea á Fonte Maior de Vilachá a mínima utilidade que calquera manantial debería ter.*

Polo Sr. Alcalde contestase que consultados os veciños da zona, executouse a obra de acondicionamento e rehabilitación da Fonte Maior de Vilachá coa maior altura posible do seu cano, tendo en conta que no suposto de darlle máis altura habería que rebaixar toda a estrutura da fonte, co risco de afectar ó manantial.

Polo que respecta ás obras do lavadoiro, con independencia de que este sexa utilizado ou non como tal, o Grupo de Goberno, como no resto das obras de rehabilitación de fontes, considerou que estes lavadoiros son elementos patrimoniais de carácter cultural, que paga a pena conservar.

**2º) Carlos Fernández Louzao, concelleiro do Grupo Municipal Nacionalista na Corporación de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, presenta o rogo que segue:**

*A día 6 de febreiro, o estado da senda costeira á altura de Canelas, presenta un estado máis ca lamentable a causa do paso das carrocetas que interveñen na tala da madeira. Tendo en conta que ese roteiro é un dos principais activos turísticos do concello, é algo que non debera permitirse, pero se non hai posibilidade de que se retire a madeira por ningún outro sitio, debe ser reparada de inmediato, tan axiña como rematen os traballos da retirada de madeira. Por isto, instamos ao goberno municipal a cumprir a ordenanza e acelere os prazos para a rehabilitación da senda en canto sexa posible.*

Polo Sr. Alcalde contestase que neste caso, como en todos os casos de solicitudes de corta de madeira que poidan afectar a viais, o Concello fai un seguimento das obras de xeito que a empresa deixe os camiños en perfecto estado de conservación.

Respecto do caso concreto ó que se refire o Rogo, hoxe mesmo recabamos información ó maderista o cal comunicounos que a saca de madeira rematará precisamente hoxe, e que de xeito inmediato procederá ó acondicionamento do camiño.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e trinta minutos da data indicada no encabezamento, levantase a sesión, estendéndose a acta presente de todo o tratado do que eu como Secretario, dou fé.

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo.: Luís María Fernández del Olmo

